

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026960	CEIP Plurilingüe de Ponzos	Ferrol	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	4º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a área de educación plástica e visual no CEIP Ponzos de Ferrol. O centro está situado na zona do ensache da cidade. Trátase dun colexio de liña un, aínda que actualmente hai desdobres en varios cursos. Por tanto, no curso 2023-2024 conta con 12 unidades, 3 delas de educación infantil e 9 unidades de educación primaria.

O alumnado para o cal se elaborou esta programación atópase no cuarto curso da etapa, polo que conta con nove anos de idade aproximadamente. É un grupo de 25 alumnos, dos que 6 son nenas e 19 son nenos. Hai que destacar que dentro deste alumnado atópase alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.

A situación do centro permítenos aproveitar a infinidade de recursos que nos oferta a contorna onde se atopa, como poden ser algunhas exposicións que se realizan en espazos culturais da cidade ou, por exemplo, a arte na rúa do barrio de Canido.

Ao longo do curso, traballaranse os catro bloques de contidos establecidos no currículo de forma interrelacionada. Así, o alumnado adquirirá conceptos, destrezas e actitudes relacionadas coa educación plástica, pero tamén coa educación audiovisual. Isto levarase a cabo nas 5 unidades didácticas que conforman esta programación, tal e como se especifica no punto 3.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A cor	Na primeira unidade didáctica, o alumnado achegarase ás cores coñecendo as cores primarias e a súa relación coas secundarias. A continuación pasarase a traballar a relación de complementariedade das cores e os contrastes que se crean. Finalmente, rematarase a unidade coa diferenza entre as cores frías e as cores cálidas.	30	11	X		
2	O punto, a liña e o plano	Na segunda unidade do curso, pasaremos a traballar nos elementos fundamentais da creación artística. Estes tres elementos, ademais de traballalos teoricamente, serán levados á práctica con creacións inspiradas nas obras de artistas como Seurat, Picasso, Castelao, Gustavo Doré, Mondrian...	20	5		X	
3	O noso pequeno museo	A terceira unidade funcionará como un proxecto de aula ao tempo que como unha forma de traballar os contidos vistos nas unidades anteriores de forma práctica. Inspirándonos nas diferentes Vangardas, o alumnado coñecerá estilos como o expresionismo, cubismo, dadaísmo ou surrealismo creando as súas obras inspiradas en cadros desas épocas.	25	7		X	X
4	Cambios de dimensión e escala	Na derradeira unidade didáctica, o alumnado pasará a inspirarse, ao inicio, na tridimensionalidade para crear obras bidimensionais. Así, abordaranse os autorretratos e os bodegóns. Posteriormente pasarán a crear o seu barrio a pequena escala a través da técnica do estampado, presentándoo ao resto do centro a través dun proxecto audiovisual. Finalmente, como remate do curso, chegaremos á tridimensionalidade, traballando con pasta de modelar para crear figuras en tres dimensións.	25	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A cor	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta as producións propias e alleas.	TI	100
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora as obras de arte nas súas diversas manifestacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación. - Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. - Elementos configurativos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.

UD	Título da UD	Duración
2	O punto, a liña e o plano	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Identifica características das imaxes fixas.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe características elementais (punto, liña, plano) de obras plásticas.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Interpreta e valora a información obtida de imaxes no contexto social e elabora e comunica informacións básicas.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Elabora bosquejos e deseños para axustar o proceso de creación individual ou en grupo, e presenta os traballos con orde e limpeza.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación. - Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. - Elementos configurativos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e discontinua; plano; textura; cor. - Progreso no ensino técnico do debuxo. Posibilidades expresivas. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.

UD	Título da UD	Duración
3	O noso pequeno museo	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Interpreta e comenta, de forma oral e escrita, o contido das imaxes dunha obra artística concreta.	TI	100
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe as características de diversas manifestacións culturais e plásticas, identificando aspectos técnicos que diferencian cada unha das manifestacións.		
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Busca, de forma guiada, información sobre as manifestacións artísticas propostas.		
CA1.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identifica a influencia das cores, liñas, planos, puntos, uso de elementos extra para collages... nas obras achegadas.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Expresa con respecto as sensacións e as apreciacións persoais sobre as obras plásticas dunha persoa autora ou criterio artístico.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Representa formas naturais e artificiais presentes no contexto, utilizando instrumentos, técnicas e materiais adecuados na súa obra persoal.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa con creatividade, e seguindo a pauta establecida, os seus sentimentos e emocións a través de obras plásticas.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Representa, de forma guiada, creacións artísticas en grupo, traballando dende a igualdade e o respecto.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participa nunha creación grupal baseada na experimentación con materiais e texturas para creacións orixinais, integrándoos de diferentes maneiras con finalidade estética.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte experiencias creativas comunicándose asertivamente cos compañeiros/as.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respecta as obras dos demais compañeiros/as e a eles, amosando empatía cara as súas ideas, sentimentos, emocións e creacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. - Elementos configurativos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións, valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. - Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxel - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación. - Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.

UD	Título da UD	Duración
4	Cambios de dimensión e escala	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece creacións plásticas de diferentes xéneros (autorretratos, bodegóns, creacións tridimensionais, instalacións...).	TI	100
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta a creación de obras plásticas e audiovisuais, propias, de autores recoñecidos e, especialmente, dos compañeiros/as.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Elabora as súas propias obras seguindo as indicacións dadas.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa as súas ideas, sentimentos e emocións a través do traballo proposto.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Elabora pezas plásticas e audiovisuais traballando en grupo.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participa na creación de obras artísticas empregando os elementos básicos da linguaxe plástica e visual a través de diferentes técnicas.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respecta os momentos de creación plástica e audiovisual.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece creacións audiovisuais de diferentes estilos.		
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe as características das obras audiovisuais.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Infórmase, seguindo a guía establecida, sobre diferentes creacións audiovisuais para crear a peza grupal.		
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Recoñece elementos característicos de distintas manifestacións culturais audiovisuais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto no visionado dun vídeo no que se realiza un percorrido por diferentes obras audiovisuais.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Colabora na produción dunha pequena obra audiovisual.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Transmite con creatividade sentimentos e emocións a través de manifestacións audiovisuais.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa de forma guiada na produción dunha creación audiovisual.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Participa cooperativamente no proceso de creación dun produto audiovisual.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte a súa creación audiovisual cun público maior.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta os diferentes tipos de culturas e propostas artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. - Elementos configurativos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grossa, fina, continua e discontinua; plano; textura; cor. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións, valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.

Contidos

- Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxel
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.
- Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Estratexias de recepción activa.
- Propostas audiovisuais básicas. O cinema como forma de narración. Imaxes fixas e en movemento en contextos culturais: análise e interpretación para a elaboración posterior de imaxes novas a partir do observado.
- Principais profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual.
- Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero.
- Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais.
- Xéneros e formatos básicos de producións audiovisuais.
- Características elementais da linguaxe audiovisual multimodal.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Rexistro e edición básica de elementos audiovisuais: conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais e de manexo sinxelo.
- Historias audiovisuais sinxelas: composición, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas e narradas.
- Producións audiovisuais. Traballo colaborativo e importancia do proceso dalgúns dos diferentes xéneros e formatos. Introducción á utilización de recursos dixitais e audiovisuais para a elaboración de obras artísticas.
- Producións multimodais: iniciación na realización con diversas ferramentas sinxelas e accesibles. Recoñecemento de características elementais da linguaxe audiovisual multimodal.
- Aproximación ás ferramentas e ás técnicas básicas de animación.
- Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

Para alcanzar estes obxectivos metodolóxicos, terase en conta:

- Funcionalidade: as aprendizaxes están dirixidas a unha aplicación práctica do aprendido.
- Ambiente colaborativo: traballo cooperativo en grande grupo, pequeno grupo e por parellas, traballando man con man.
- Uso de tecnoloxías de comunicación e información como recurso de aprendizaxe (cámara, vídeos, webs...) xa que ofrecen máis variedade e posibilidades de acceder a contidos reais.
- Potenciación das aprendizaxes significativas partindo sempre da realidade e do que se coñece para facilitar a súa comprensión.
- Ambiente de traballo cómodo para evitar a inhibición.
- Atención á diversidade do alumnado á hora de seleccionar contidos e respectar o ritmo de aprendizaxe.
- Metodoloxía baseada no descubrimento guiado e na participación e implicación activa do alumnado.
- Os erros serán considerados como parte do proceso de aprendizaxe e fonte de coñecemento.
- Continuación de traballo con rutinas e repeticións de actividades básicas para que o alumnado se sinta máis seguro.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Pantalla dixital
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor partituras, gravación, etc.
Altofalantes
Pinceis e témperas
Ceras, rotuladores, lapis de cores, pegamento e tesoiras
Bloc de debuxo e cartolinas
Páxina web do centro: sección Aula de EPV/Aula Virtual
Estoxo
Pasta de modelaxe
Regra, escuadro e cartabón
Imaxes de obras de diversos autores (Van Gogh, Picasso, Seurat, Castelao, Botero...).

A aula usada para a impartición de Educación Plástica e Visual neste centro é a aula base. É unha aula con ventanais que permiten a entrada de luz natural e tamén é unha aula ampla que facilita a posibilidade de diferentes agrupamentos para realizar distintas actividades. Conta cun ordenador conectado ao proxector que favorece o traballo coas novas tecnoloxías.

O material empregado está dentro da aula.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste: estoxo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.
- Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...
- Realizarase unha proba durante as dúas primeiras sesións a modo de avaliación inicial e a través de produción/s concreta/s que permita establecer uns criterios claros do nivel mínimo de cada alumna/o.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	20	25	25	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Os criterios de avaliación serán valorados a partir dunha rúbrica na que se concreten. Debido a que non haberá probas escritas, o material avaliado será o caderno da materia. Teranse en conta criterios como a pulcritude, a correcta elaboración das láminas encargadas e o traballo diario na aula. Tamén será tido en conta o comportamento, a vontade de traballar e o respecto polos materiais e, sobre todo, polas obras dos compañeiros e compañeiras.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

-1º trimestre. Unidade 1: 80% documentos de traballo na clase + 20% actitude de traballo.

-2º trimestre. Unidade 2 e primeira metade da unidade 3: 80% documentos de traballo na clase + 20% actitude de traballo

-3º trimestre. Segunda metade da unidade 3 e unidade 4: 80% documentos de traballo na clase + 20% actitude de traballo

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: Nota 1ª avaliación x 0.3 + nota 2ª avaliación x 0.3 + nota 3ª avaliación x 0.4

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número dos decimais sexa 0,55 ou maior. Por exemplo, se fose un 8,56, pasaría a 9.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que teña suspenso un trimestre, poderá recuperalo cara o seguinte entregando de novo aquelas láminas que recibiron unha cualificación negativa.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado, coa posibilidade de contar con profesorado con dispoñibilidade horaria para apoiar dentro da aula. O de 4º de primaria é un grupo no que hai varios alumnos con necesidades específicas de apoio educativo. Contamos cun neno con TDAH, dous nenos en vías de posible diagnóstico de dislexia, unha rapaza que presenta aínda dificultades na comprensión dos contidos debido a que a súa lingua nai é o portugués e este é o terceiro ano na súa escolarización en España e outros catro nenos con dificultades á hora de traballar de forma autónoma e de concentrarse.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, resumos, etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos.
- Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural, visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

Observacións:

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Decorar os corredores trimestralmente.	Decoración dos corredores cos traballos propostos para celebrar as conmemoracións escolares realizadas.	X	X	X
Exposicións dos traballos realizados na UD3 e UD4	Exposición destes en diferentes espazos do centro: corredores, espazos comúns, na propia aula...		X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Hai coherencia entre os obxectivos, contidos e criterios de avaliación?
Préstase atención aos elementos transversais formulados?
Metodoloxía empregada
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes tarefas propostas?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro?
Medidas de atención á diversidade
Ofrécenselle ao alumnado as explicacións individuais que precisa?
Elabóranse diferentes materiais e probas segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Adáptanse as as tarefas aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe?
Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas diferentes tarefas propostas?
Tomáronse as medidas axeitadas para atender ao alumnado ACNEAE?
Clima de traballo na aula
Consegiuse motivar ao alumnado?

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Cal é o grao de coordinación co resto do equipo docente?
Mantívose contacto coas familias logrando a súa implicación no proceso?

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.
- Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados